

Probas selectivas para cubrir dúas prazas da categoría profesional de técnico/a especialista de escola infantil da Universidade de Santiago de Compostela, convocadas por resolución reitoral do 24 de novembro de 2022.

Exercicio: 2º exercicio, cuestionario tipo test.

Duración: 95 minutos.

Non abra este caderno ata que llo indique o tribunal

(Galego)

Santiago de Compostela, 25 de novembro de 2023

- 1.- O/A neno/a que non desenvolveu un bo apego:
 - a) Produce xogos máis creativos.
 - b) Produce xogos máis pobres.
 - c) Emprega moitos máis símbolos nos seus xogos

- 2.- Sinala a resposta correcta:
 - a) No período de adaptación, as familias deben aportar información que axude aos/ás educadores/as a orientar a súa intervención.
 - b) No período de adaptación non é necesaria información, xa que o/a educador/a obtena observando ao/á neno/a.
 - c) No primeiro día do período de adaptación a familia non debe asistir co/coa neno/a.

- 3.- Os procesos de socialización son:
 - a) Procesos emocionais, de aprendizaxe e lúdicos.
 - b) Procesos mentais, afectivos e condutuais.
 - c) Procesos intelectuais, lingüísticos e simbólicos.

- 4.- Sobre os materiais, sabemos que:
 - a) Unha das súas características esenciais é a súa función didáctica.
 - b) As habilidades ou coñecementos que facilitan dependen da forma en que sexan escollidos, presentados ou manexados.
 - c) Teñen un fin en si mesmo.

- 5.- O programa de "Alerta Escolar" creado conxuntamente pola Consellería de Educación e os servizos do 061, indica como actuar no caso de:
 - a) Asma, febre alta e intolerancia alimentaria.
 - b) Crises alérxicas, epilepsias e crises diabéticas.
 - c) As respostas a) e b) son incorrectas.

- 6.- Sinala a resposta correcta.
 - a) Manter orde de determinadas actividades todos os días axuda ao/á neno/a a adquirir hábitos, dándolles seguridade.
 - b) O/A educador/a infantil promove a autonomía do/a neno/a cando non permite que os seus erros sexan a base de outras experiencias e aprendizaxes.
 - c) As respostas a) e b) son correctas.

- 7.- O recém nacido:
 - a) Non ten preferencia por ningún estímulo auditivo.
 - b) É capaz de oír case perfectamente.
 - c) Prefire estímulos auditivos intensos ou agudos.

- 8.- ¿Pódese tratar no primeiro ciclo de Educación Infantil aspectos relativos á igualdade entre sexos?
 - a) Non, por tratarse de nenos/as pequenos/as.
 - b) Si, a través de temas transversais.
 - c) So procurando que os/as nenos/as empreguen os mesmos xoguetes.

- 9.- A música no primeiro ciclo de Educación Infantil debe:
 - a) Destacar o folclore propio.
 - b) Ser infantil.
 - c) Ser diversa.

- 10.- As primeiras palabras non suxeitas a regras gramaticais denomínanse:
- Baluceo axustado.
 - Holofrases.
 - Linguaxe non madurativo.
- 11.- ¿En que consiste a aprendizaxe significativa?
- En establecer relacións motivadoras entre as novas aprendizaxes e os coñecementos previos.
 - En manter un clima estable de confianza e afecto.
 - En desenvolver habilidades comunicativas.
- 12.- A tendencia a considerar viventes as cousas ou a darlles intelixencia ou conciencia denomínase:
- Animismo.
 - Artificialismo.
 - Realismo.
- 13.- ¿Que é a pica?
- Un trastorno que consiste na inxesta de materiais non comestibles.
 - Un retraso da linguaxe.
 - Un trastorno que provoca inestabilidade motriz.
- 14.- Respecto á adaptación, ¿cal das seguintes afirmacións é correcta?
- Os menores de 5 meses non teñen que pasar a adaptación, por non presentar problemas.
 - É necesario establecer pautas de actuación claras para as familias en todas as idades.
 - Todos teñen o mesmo ritmo de adaptación.
- 15.- A modulación da tensión muscular para preparar e soste o movemento denomínase:
- Función postural.
 - Función tónica.
 - Función práxica.
- 16.- No caso de inconsciencia dun/dunha neno/a de 3 anos, a secuencia de actuación debe seguir a seguinte orde:
- Abrir a vía aérea, realizar a manobra de tracción mandibular, comprobar a resposta e, se non a hai, ventilar e aplicar masaxe cardíaca.
 - Comprobar a resposta, se non a hai, abrir a vía aérea, realizar a manobra frente-mentón, comprobar a respiración e, se non a hai, ventilar e aplicar masaxe cardíaca.
 - Ventilar inmediatamente, aplicando a masaxe cardíaca a razón de 30 compresións torácicas por cada 2 insuflacións.
- 17.- O xesto:
- Axuda a expresar emocións, sentimentos e desexos.
 - É un recurso corporal para a comunicación.
 - As respostas a) e b) son correctas.

18.- Cando o/a neno/a leva a cabo unha conduta que aprendeu previamente no momento oportuno, de forma adecuada e sen necesidade de control externo, dicimos que existe:

- a) Un hábito.
- b) Unha rutina.
- c) Unha habilidade.

19.- A acción que se repite de forma estable ao longo do tempo con carácter interno e persoal e está en relación coas necesidades biolóxicas dos/das nenos/as é:

- a) A rutina.
- b) O ritmo.
- c) As respostas a) e b) son correctas.

20.- Son instrumentos de observación indirecta:

- a) Diario, lista de control, cuestionario e entrevista.
- b) Cuestionario e entrevista.
- c) Cuestionario e lista de control.

21.- Os accidentes máis frecuentes no primeiro ciclo de Educación Infantil son:

- a) Lesións oculares.
- b) Caídas, queimaduras e asfixia por corpos estraños.
- c) Asfixia durante o proceso de consumo alimentario.

22.- Segundo o Decreto 329/2005, de 28 de xullo, ¿cal é a proporción que se debe cumprir segundo os diferentes grupos de idades?

- a) 0-1 anos, 1 adulto por cada 8 nenos/as. 1-2 anos, 1 adulto por cada 13 nenos/as. 2-3 anos, 1 adulto por cada 20 nenos/as.
- b) 0-1 anos, 1 adulto por cada 8 nenos/as. 1-2 anos, 1 adulto por cada 10 nenos/as, 2-3 anos, 1 adulto por cada 20 nenos/as.
- c) 0-1 anos, 1 adulto por cada 8 nenos/as. 1-2 anos, 1 adulto por cada 15 nenos/as, 2-3 anos, 1 adulto por cada 20 nenos/as.

23.- Sinala as dificultades máis características dun/dunha neno/a con trastornos do espectro autista (TEA):

- a) A comunicación e a manipulación.
- b) A relación e desenvolvemento motor.
- c) A socialización, a relación e a comunicación.

24.- ¿Que é a “literatura gañada”, segundo Juan Cervera?

- a) A literatura creada expresamente para a infancia.
- b) A literatura creada para adultos acollida posteriormente pola infancia.
- c) A literatura creada para a infancia acollida posteriormente por adultos.

25.- ¿Que documento recolle o horario máximo de permanencia no centro dos/as nenos/as?

- a) O Regulamento de Réxime Interno.
- b) O Proxecto Educativo de Centro.
- c) A Programación Xeral Anual.

26.- Que un/unha neno/a teña un retraso madurativo supón:

- a) Que evolucionará máis lentamente sempre por razóns de orde física.
- b) Que, en xeral, o seu comportamento, intereses e forma de relación correspóndense aos dun/dunha neno/a máis pequeno/a.
- c) As respostas a) e b) son incorrectas.

- 27.- Terán certificación de formación en materia de hixiene alimentaria:
- Os encargados do comedor.
 - Todo o persoal do centro.
 - Os servicios de apoio e os encargados da cociña.
- 28.- ¿Que é a etapa da transición na alimentación?
- Pasar da lactación materna á artificial.
 - Pasar da lactación a outros alimentos preparados.
 - Empregar a culler para alimentarse.
- 29.- O grao de tensión ou distensión que necesitan os músculos para levar a cabo unha acción ou adquirir unha postura, denomínase:
- Lateralidade.
 - Ton muscular.
 - Control postural.
- 30.- Se un/unha neno/a maior de 18 meses inxire un obxecto que lle obstrúe a larinxe, o/a educador/a:
- Deberá colocalo boca abaixo.
 - Deberá darlle un golpe forte na boca do estómago.
 - Deberá trasladalo rapidamente a un hospital.
- 31.- A figura do/a técnico/ superior de Educación Infantil está capacitada para intervir:
- No primeiro ciclo de Educación Infantil en centros de titularidade pública.
 - En institucións ou programas específicos de atención a menores de 6 anos en situación de risco social
 - As respostas a) e b) son correctas.
- 32.- Ao conxunto de situacións e actividades vinculadas ao benestar da infancia e que se repiten diariamente con frecuencia denomínaselles:
- Rutinas diarias.
 - Momentos significativos.
 - Actividades reiterativas.
- 33.- No primeiro ciclo da etapa de Educación Infantil aconséllase avaliar fundamentalmente en termos de:
- Obxectivos.
 - Capacidades.
 - Aptitudes.
- 34.- A psicomotricidade fina:
- Establece o control psicomotor das grandes masas musculares.
 - Establece a coordinación óculo-manual.
 - Domínase antes que a psicomotricidade grossa.
- 35.- ¿Que é a disfemia?
- A desaparición total da linguaxe.
 - Alteracións no timbre da voz.
 - Dificultade na fluidez normal da fala provocando bloqueos ao intentar pronunciar unha palabra.

- 36.- Na alimentación dun/dunha neno/a celíaco/a exclúese:
- O trigo, centeo, aveia e cebada.
 - As froitas e hortalizas.
 - O millo e arroz.
- 37.- Ana Pelegrín destaca polas súas aportacións en:
- A música.
 - A literatura infantil.
 - As respostas a) e b) son incorrectas.
- 38.- A espiña bífida é:
- Unha anomalía conxénita da columna vertebral.
 - Unha malformación da percepción sensorial.
 - As respostas a) e b) son incorrectas.
- 39.- O xogo heurístico ten dúas partes ben diferenciadas:
- Primeira: exploración e combinación de obxectos. Segunda: propostas de actividades por parte do/da educador/a.
 - Primeira: proposta de actividades por parte do/da educador/a. Segunda: recollida de obxectos por parte do/da neno/a.
 - Primeira: exploración e combinación de obxectos. Segunda: recollida de obxectos por parte do/as neno/a.
- 40.- É síntoma de que o/a neno/a está capacitado para comezar a aprendizaxe do control de esfínteres:
- Que non manteña durante largo tempo o cueiro seco.
 - Que teña un dominio do movemento e do equilibrio para poder sentarse e levantarse.
 - Que pasara o período de adaptación positivamente.
- 41.- ¿Que xoguetes son os máis adecuados para nenos/as de 0-1 anos?
- Móbiles, andarela, tentenenos e xogos de expresión.
 - Centros de actividade, xoguetes para golpear e libros de tecido.
 - Obxectos amoreables e quebracabezas.
- 42.- A incapacidade dun/dunha neno/a de relaxar os músculos de maneira voluntaria denomínase:
- Paratonía.
 - Tic.
 - Lateralidade cruzada.
- 43.- Na planificación do espazo, haberá que procurar:
- Centralizar o labor educativo nas aulas.
 - Crear espazos permanentes, desprazables e modificables.
 - Que este sexa o máis cerrado posible.

- 44.- Sinala un principio xeral que defina a programación de aula:
- Ter presente o nivel de desenvolvemento operativo do grupo.
 - Propor actividades non funcionais para os/as nenos/as.
 - Parcelar a actividade dos/das nenos/as.
- 45.- Os instrumentos musicais máis adecuados para comezar en Educación Infantil son os de:
- Corda.
 - Percusión.
 - Vento.
- 46.- Ante un/unha neno/a de 3 anos que ten dificultade para pronunciar de maneira correcta algúns sons, o xogo máis adecuado que propoñemos é:
- Memorización de poesías, ladaíñas.
 - Carreira de globos inflados soprando sobre unha superficie.
 - Xogo do vexo-vexo.
- 47.- ¿Cales dos seguintes trastornos do sono son máis comúns no primeiro ciclo de Educación Infantil?
- Os terrores nocturnos e o somnambulismo.
 - Os terrores nocturnos e as apneas do sono.
 - O somnambulismo e o insomnio.
- 48.- Sinala que características debe ter un/unha bo/a educador/a infantil:
- Un bo coñecemento sobre o desenvolvemento e a aprendizaxe infantil.
 - Unha boa capacidade de comunicación e de relación cos/coas nenos/as e adultos.
 - As respostas a) e b) son correctas.
- 49.- As listas de control:
- Consisten nun listado de conductas de interese sobre as que a persoa que fai a observación debe indicar se sucedeu ou non.
 - So se usan ante nenos/as con necesidades específicas de apoio educativo.
 - As respostas a) e b) son incorrectas.
- 50.- ¿De que alerxia estamos falando se un/unha neno/a non pode tomar leite de vaca e derivados lácteos porque o seu sistema inmune reacciona ante eles?
- Á lactosa.
 - Ás proteínas da leite de vaca (PLV).
 - Ao glute.
- 51.- ¿A quen corresponde tanto a organización como o establecemento das condicións que deberán reunir as escolas de Educación Infantil de primeiro ciclo?
- Ás Comunidades Autónomas.
 - Ás Deputacións Provinciais.
 - Ao Consello Escolar de cada centro.
- 52.- Os materiais que se poden utilizar para “o cesto dos tesouros” son:
- Específicos, ao alcance de todos/as e cantos máis, mellor.
 - Comercializados, tomados da natureza e de refugallo.
 - De todo tipo, exceptuando metálicos.

- 53.- Sinala a resposta incorrecta. Para poder iniciar o control de esfínteres deben darse unha serie de condicións.
- Maduración psicolóxica e motriz.
 - Maduración afectiva e emocional.
 - Adquisición da linguaxe oral.
- 54.- O/A neno/a de 8-12 meses, en relación coa idea de permanencia dos obxectos, é capaz de:
- Buscar o obxecto so se pode ver una parte del.
 - Buscar o obxecto onde o atopara antes, ignorando o novo lugar onde veu escondelo.
 - Buscar o obxecto no último lugar onde veu escondelo.
- 55.- Das seguintes afirmacións, respecto ao cesto dos tesouros, sinala a resposta correcta:
- Co cesto dos tesouros os/as nenos/as aprenden sos e por si mesmos.
 - O adulto ten un papel prioritario propoñendo diferentes actividades.
 - Utilízase co gran grupo.
- 56.- Na etapa de 0 a 3 anos, segundo Lowenfeld, as etapas da evolución do debuxo son:
- Garabateo desordenado, garabateo controlado e garabateo con nome.
 - Garabateo desordenado, garabateo con nome e garabateo intelectual.
 - Realismo fortuíto e realismo frustrado.
- 57.- Os cuestionarios ás familias:
- Son pouco útiles ao comezo da escolarización.
 - Proporcionan unha información demasiado xeral.
 - Permiten unificar o tipo de información que se demanda ás familias.
- 58.- A intelixencia do/da neno/a durante a primeira infancia, de 0 a 2 anos:
- É fundamentalmente práctica, ligada ao sensorial e á acción motora.
 - Carece de condutas intencionais.
 - É á que Piaget denomina “intelixencia simbólica”.
- 59.- No Proxecto Educativo de Centro, os servizos de apoio quedan determinados en:
- Os obxectivos do centro.
 - A organización do centro.
 - As sinais de identidade.
- 60.- Para favorecer o control de esfínteres é recomendable:
- Facer ao/á neno/a consciente dos seus erros.
 - Mostrar satisfacción ao/á neno/a dos seus avances.
 - Incentivar ao/á neno/a mediante premios.
- 61.- A intelixencia representacional (función simbólica) segundo Piaget caracterízase pola aparición de:
- Imitación diferida.
 - Imaxes mentais.
 - As repostas a) e b) son correctas.

62.- Segundo Sara Cone Bryant, as calidades que non son apreciadas polos/polas nenos/as nos contos son:

- a) A proximidade nas personaxes e escenarios.
- b) A rapidez de acción.
- c) A sinxeleza tinguida de misterio.

63.- As rutinas diarias levan:

- a) Establecemento duns ritmos diarios de actividade e descanso.
- b) Rixidez nos ritmos de adaptación.
- c) As respostas a) e b) son correctas.

64.- ¿Con que lei aparece en España por primeira vez a Educación Infantil dirixida a nenos/as de 0 a 6 anos en dous ciclos?

- a) Lei de Ordenación Xeral do Sistema Educativo de 1990.
- b) Lei Orgánica da Educación de 2006.
- c) Lei Orgánica de Mellora da Calidade Educativa de 2014.

65.- En relación coas técnicas de avaliación, ¿cal das seguintes respostas non é un instrumento propio da Educación Infantil?

- a) Os controis.
- b) A observación sistemática do proceso de aprendizaxe.
- c) A entrevista.

66.- ¿Cal é a modalidade de atención á infancia no ámbito formal?

- a) Ludoteca.
- b) Escolas Infantís.
- c) Centros de acollida.

67.- ¿En que consiste o método de traballo no primeiro ciclo de Educación Infantil?

- a) O traballo basearase nas experiencias, xogo e actividades segundo os obxectivos de cada etapa.
- b) En atender as súas necesidades físicas, afectivas e sociais.
- c) As respostas a) e b) son correctas.

68.- Os ritmos e rutinas diarias sérvenlle ao alumnado do primeiro ciclo de Educación Infantil para:

- a) Interiorizar a serie numérica.
- b) Coñecer o funcionamento de aparatos medidores de tempo.
- c) Interiorizar as primeiras secuencias temporais.

69.- Sinala a característica incorrecta do período preoperatorio segundo Piaget:

- a) Sincretismo.
- b) Pensamento racional e dedutivo.
- c) Razoamento transductivo.

70.- Sinala a resposta incorrecta. O primeiro ciclo de Educación Infantil contribuirá a desenvolver as capacidades que lles permiten:

- a) Descubrir e construír a través da inacción, o coñecemento do seu propio corpo e o dos outros, valorar as súas posibilidades de acción e aprender a respectar as diferencias.
- b) Observar e explorar o entorno familiar, natural e social a través do xogo e desenvolver actitudes de curiosidade e observación.
- c) Adquirir progresivamente autonomía nas actividades habituais de alimentación, hixiene e descanso e adoptar hábitos de seguridade ante o risco na súa relación co entorno.

71.- Sinala a resposta incorrecta. O Proxecto Educativo de Centro (PEC) debe:

- a) Ser un instrumento que marque o carácter propio e a personalidade do centro tanto a nivel organizativo como de xestión docente e pedagóxica.
- b) Atender a educación para a paz, sexual e ambiental e marcar directrices que guíen ao centro en relación con elas.
- c) Ignorar a atención para a paz, sexual e ambiental.

72.- ¿Cal é o principio metodolóxico que parte da percepción sincrética do/da neno/a?

- a) Principio de Actividade.
- b) Principio de Globalización.
- c) Principio de Individualización.

73.- Á hora de planificar unha actividade musical debemos procurar:

- a) Que non se poida realizar en diferentes tipos de grupos.
- b) Que teña carácter lúdico, globalizado e motivador.
- c) Que favoreza a expresión dirixida.

74.- Segundo a súa evolución, os reflexos de succión e prensión:

- a) Son inalterables ao longo de toda a vida.
- b) Transfórmanse en esquemas de conduta voluntaria.
- c) Desaparecen.

75.- O mutismo selectivo é unha alteración de:

- a) A voz.
- b) As relacións sociais.
- c) Un retraso fonolóxico.

76.- Enténdese por mirada periférica:

- a) A atención do/da educador/a aos/ás nenos/as que se quedan fora do grupo.
- b) A atención non continua pero si permanente do/da educador/a, que lle permite en cada momento saber que está acontecendo no grupo.
- c) A actitude do/da educador/a cando observa ao grupo desde fora.

77.- Nun conto para o primeiro ciclo de Educación Infantil debe predominar:

- a) A imaxe, a palabra e o movemento.
- b) Características humanas a todos os seres vivos.
- c) Argumentos que suceden na realidade.

78.- O/A educador/a pode traballar progresivamente a atención do/da neno/a a través de:

- a) A diminución progresiva na duración das tarefas.
- b) A diminución progresiva na dificultade dos traballos.
- c) As situacións, os obxectos significativos e o xogo.

- 79.- Segundo Piaget, as reaccións circulares secundarias implican:
- Unha conduta repetitiva.
 - A repetición de accións que inclúen aos obxectos.
 - A capacidade de aprender secuencias lóxicas.
- 80.- A programación da aula axúdanos a:
- Separar pensamento e acción.
 - Sistematizar as experiencias.
 - Fomentar a improvisación.
- 81.- Para que os/as nenos/as xoguen espontaneamente é necesario:
- A interacción con iguais.
 - Crear un ambiente de aprendizaxe que facilite a relación de xogo.
 - Programar actividades dirixidas.
- 82.- ¿En que consiste o método pedagóxico dos “centros de interese”?
- En centrar a aprendizaxe tendo en conta os distintos intereses dos/das nenos/as en cada idade.
 - En centrar a aprendizaxe en momentos combinados dentro e fora da aula.
 - En centrar aprendizaxe en torno a situacións de resolución de problemas e busca de información.
- 83.- Sinala a resposta incorrecta:
- O conto ten un valor educativo intrínseco.
 - O conto non é unha ferramenta importante no seo familiar.
 - O conto debe ser preparado coidadosamente xa que é unha actividade didáctica con sentido propio.
- 84.- Con respecto ao deseño de actividades, a súa formulación conterà:
- As aptitudes ou aspectos da personalidade que desenvolven.
 - Os obxectivos, desenvolvemento da actividade, espazos, recursos, materiais e tempo.
 - A forma de presentación, o papel do/da educador/a ou o modo de execución.
- 85.- En relación co xogo no primeiro ciclo de Educación Infantil, ¿cal das seguintes afirmacións é correcta?
- A actividade lúdica favorece o desenvolvemento das estruturas de coñecemento.
 - Non é un instrumento fundamental utilizado polos/polas nenos/as como canle da relación co entorno.
 - As respostas a) e b) son correctas.
- 86.- A práctica psicomotriz educativa:
- En xeral, está dirixida a nenos/as de 3 a 6 anos.
 - Ten como obxectivo inmediato favorecer o proceso madurativo do/da neno/a pola vía do corpo e do movemento.
 - A ser posible, debe realizarse sempre na aula habitual dos/das nenos/as.
- 87.- O autor que afirma que o xogo espontáneo dos/das nenos/as evoluciona así: “xogo motriz individual-xogo egocéntrico-cooperación incipiente-codificación de regras” é:
- Montessori.
 - Piaget.
 - As respostas a) e b) son incorrectas.

88.- Para preparar correctamente un biberón é necesario ter en conta:

- a) Botar primeiro a leite en po e despois a auga.
- b) Botar sempre primeiro a auga e despois a leite en po.
- c) A orde de preparación é indiferente.

89.- A atención á diversidade do alumnado consiste en:

- a) Adaptar a práctica educativa ás características persoais e intereses do/da neno/a.
- b) Diversificar ao alumnado para adaptalo á nosa proposta pedagóxica.
- c) Adaptar a práctica educativa á diversidade de currunchos que hai na aula.

90.- Sinala a resposta incorrecta:

- a) O conto favorece o desenvolvemento social do/da neno/a para comprender roles e valores.
- b) Os/as nenos/as prefiren un conto novo antes que a repetición dun xa coñecido.
- c) O/A neno/a recorda o conto porque se proxecta nel.

Preguntas de reserva

91.- Os tres niveis de integración do Esquema Corporal que propón Ajuriaguerra son:

- a) Reptación, relaxación e acción.
- b) Percepción, equilibrio e lateralidade.
- c) Corpo vivido, corpo percibido e corpo representado.

92.- O primeiro axente de socialización é:

- a) A escola.
- b) A familia.
- c) As respostas a) e b) son incorrectas.

93.- ¿Que é o sono REM (Rapid Eye Movement)?

- a) É unha das distintas fases polas que pasa o sono.
- b) É unha fase do sono profundo na que o cerebro está practicamente parado.
- c) É unha fase do sono na que non ten lugar ningún tipo de soños ni pesadelos.

94.- O Decreto polo que se establece o currículo da Educación Infantil na Comunidade Autónoma de Galicia é:

- a) O Decreto 330/2009, de 4 de xuño.
- b) O Decreto 150/2022, de 8 de setembro.
- c) O Decreto 2/2006, de 4 de xuño.

95.- O primeiro nivel de concreción do currículo concrétase en:

- a) A programación de aula.
- b) A programación de ciclo.
- c) A programación de nivel.